

CON VOZ DE MULLER

*Un proxecto que recupera a memoria das
mulleres, pon en valor o seu legado e
dignifica a súa presenza e a súa
contribución á comunidade local*



CON VOZ DE MULLER

LOIBA

Todas as imaxes antigas foron cecidas polas participantes de *Con voz de muller*.

Todas as imaxes actuais son autoría de Sara Vierna Fernández.

Todos os relatos son orixinais das participantes das sesións de traballo aínda que, nalgúns casos, foron traducidos de castelán a galego pero sempre mantendo moitas das expresións castelanizadas.

© Editorial:
Deputación Provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña

Depósito Legal C 957 - 2019

Imprenta Provincial
A Coruña, 2019

© do texto: Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz (Almas Meraki),

© da presente edición: Almas Meraki

Outubro, 2018

CON VOZ DE MULLER

LOIBA

Sara Vierna Fernández

Virginia Pañeda Sanz

Centro de Información á Muller

Concellería de Benestar Social e Igualdade

Concello de Ortigueira



Tan só é preciso abrir un libro de texto de calquera escola para ver que na meirande parte da historia o papel da muller permaneceu silenciado. O mundo construíuse desde un punto de vista patriarcal no que con frecuencia faltaban as voces femininas que relataran a súa visión da historia. Neste proxecto escoitamos as voces desas mulleres que nos narran a súa historia, que é parte da historia da terra de Ortigueira.

Contar con publicacións coma esta é imprescindible para evolucionar como pobo, para conseguir unha igualdade real entre mulleres e homes e, sobre todo, para coñecer unha parte fundamental da historia que permaneceu oculta moitos anos e que non podemos deixar no esquecemento. "Con voz de muller" permítenos escoitar as lembranzas das mulleres no concello de Ortigueira. Esta obra recompila historias que van desde a infancia ata a actualidade, acompañadas de fermosos recordos gráficos.

Este libro supón unha forma de redescubrir a historia de Ortigueira a través de contos e de anécdotas, de saber máis sobre as formas de vida do pasado dende o punto de vista feminino a través dos relatos e mulleres que o viviron en primeira persoa. Experiencias das que, estou seguro, todos e todas temos moito que aprender.

Desde a Deputación da Coruña queremos aplaudir esta iniciativa e agradecer a colaboración de todas as mulleres que participaron neste proxecto e que abriron o seu corazón e compartiron a memoria das súas vidas con todos aqueles que queremos escoitalas.

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña

SAÚDO DO ALCALDE

Como alcalde do Concello de Ortigueira, e concelleiro de Benestar Social e Igualdade, compráceme presentarvos esta publicación que forma parte do proxecto "Con voz de muller".

Con esta iniciativa, o que se pretende é recuperar o capital histórico das voces femininas, invisibles e desestimadas nos procesos de construción político social da súa parroquia.

Privar á historia das voces das mulleres é contar o mundo dende unha perspectiva sesgada, desigual e patriarcal. Polo tanto, fáiseme imprescindible agradecer e render unha homenaxe a cada unha das mulleres que aportaron o seu testemuño a este proxecto.

Espero que vos emocionedes ao lelo, que vexades a súa historia, as súas vidas, que poñades en valor cada detalle, tal e como o evocan, como se puideramos volver a ese instante do pasado, con todo o seu significado.

Desexo que a publicación vos provoque a curiosidade suficiente como para que a xente queira saber máis e que que sirva de reflexo etnográfico para saber como era a vida e a sociedade nas nosas parroquias.

Despois de todo, estes son os olores, sabores, imaxes e recordos das parroquias de Ortigueira contados a través das miradas e das voces das súas protagonistas indiscutibles: as mulleres.

Juan Penabad Muras

Alcalde do Concello do Ortigueira

CAP. 1

O PROXECTO

A ORIXE

Hai anos que se veñen desenvolvendo nas parroquias do concello de Ortigueira, obradoiros de memoria, dentro do Programa de Dinamización Sociocomunitaria, promovido pola traballadora social do concello, Mercedes Regueira Vale. As mulleres participantes que teñen entre sesenta e sete e noventa e un anos, traballan os recordos e o esquecemento das súas historias e van contando de relato en relato a súa vida, as súas experiencias e anécdotas, que están unidas a unha terra, a un lugar e á vida da súa parroquia.

Ao escoitar todas estas historias, pensamos que sería necesario mantelas, gardalas recompilalas dalgunha maneira, e que non caeran no esquecemento.

Con ese espírito nace este proxecto que chamamos "Con voz de muller".

Crear un espazo, contar a túa historia, a túa vida, en si mesmo é terapéutico. Un espazo para autonarrarte, autosentirte e autocoñecerte pero tamén para que o resto poida entenderte e recoñecerte.

As mulleres estiveron durante milenios relegadas da transcendencia histórica. A igualdade no século XXI pasa por poñer en valor todas as achegas das mulleres, das nosas antepasadas. Este recoñecemento faise imprescindible. Por unha banda como homenaxe e dignificación a todas esas vidas en feminino, invisibilizadas inxustamente, e pola outra para que as mozas de hoxe se pensen, se subxectivicen como seres con axencia e non pasivas ao devir da historia. Parafraseando á mestra, Marcela Lagarde, "só cando as mulleres coñecemos, con sentido de descubrimento, ás mulleres próximas da nosa historia e a nosa xenealoxía, podemos xerar procesos de empoderamento simbólicos e recoñecemos e identificarnos con devanceiras concretas."

Neste proxecto con diferentes mulleres rurais no Concello de Ortigueira quixemos facer un traballo de autoconciencia colectiva, recoller as súas historias de vida, mergullarnos entre as súas narrativas e recuperar as súas achegas e posicionalas finalmente onde se merecen. En definitiva trátase de reescribir a Historia destas parroquias a través da historia das súas mulleres.

Os **obxectivos** que perseguimos con esta iniciativa foron o de crear un espazo de empoderamento para as mulleres a través da reflexión e a indagación das súas propias historias de vida, o de recuperar a súa memoria poñendo en valor o seu legado e dignificando a contribución e a presenza das mulleres na comunidade local

O proxecto foi executado a través de **catro sesións** que duraron entre dúas e dúas horas e media a modo de obradoiro. A través destas reunións coas mulleres de cada parroquia emprendemos unha viaxe desde a nenez ata

a súa vida actual, recoñecendo os feitos e vivencias que definen a estas mulleres na actualidade. Falaron dos espazos que ocupaban, das actividades ás que se adicaban, dos aspectos da súa contorna nos que estas mulleres foron axentes de cambio.

Tamén houbo **outras actividades** como a recollida de fotografías, cartas, obxectos ou unha ruta polos lugares máis senlleiros para elas.

Esta publicación que tes nas túas mans é un relato que une os testemuños das mulleres participantes nas sesións da parroquia de Loiba

Faláronse de moitas máis historias das que aquí se recollen e hai moitos máis testemuños que quedarán no noso recordo, que pola súa intimidade e carga emocional, quedarán só na lembranza das presentes.

No texto intentouse respectar as súas expresións e os seus testemuños de maneira literal, como elas nolo contaron. Algunhas palabras traídas da emigración, expresións diferentes dependendo das parroquias, tamén compoñen o groso das súas historias de vida.

Pero esta publicación é moito máis cunha compilación de historias de vida, é un exemplo de loita, de dedicación, de esforzo, de paciencia, de entrega, de valor e de crecemento de todas estas mulleres.

Para este proxecto contouse con Sara Vierna Fernández e Virginia Pañeda Sanz, da entidade Almas Meraki. Elas foron as facilitadoras das sesións de grupo de cada parroquia acompañadas de Rocío Blanco e Ana Dopico do Centro de Información á Muller. Ademais, Almas Meraki

escribe e dálle forma ao proxecto "Con voz de muller", contando coa colaboración de Rosa Loureiro, filóloga galega, que fixo as correccións lingüísticas oportunas.

O noso agradecemento a Carmen, Visita, Josefa, Carmucha, Isabel, Julia, Fefa, Milagros, Solita e Olimpia da parroquia de Loiba. Agradecementos por adicarnos o seu tempo, pola súa xenerosidade, honestidade e valentía para narrar as súas biografías como mulleres.

CAP. 2

O ENCONTRO

Quen son, nomear a cada unha delas é o primeiro que queremos facer. É de xustiza presentárvolas. Chegaron en grupos de dúas ou soas, moitas xa con bolsas ou carpetas con fotografías, Solicitáramoslles previamente que así o fixeran dende o Centro de Información da Muller. Elas, coma sempre, cos deberes ben feitos, con esa característica tan culturalmente feminina, non querían defraudar.

Así chegaron á primeira sesión, pode que cunha actitude reservada ante o que ía pasar, pero coa ilusión de autonarrarse. **Carmen, Visita, Josefa, Carmucha, Isabel, Julia, Fefa, Milagros, Solita e Olimpia.** As mulleres que nos contaron Loiba a través das súas biografías.



CAP. 3

O LUGAR

COLLIAMOS O DO MAR PARA A TERRA

DESCUBRINDO LOIBA A TRAVÉS DA MIRADA DAS SÚAS MULLERES

Loiba é unha das parroquias máis extensas e agrestes do Concello de Ortigueira. Tivo, na época destas mulleres, unha forte tradición agrícola principalmente de cereal, como o demostran os seus hórreos de tamaños máis grandes do habitual e os muíños que se ateigan, aínda que xa en desuso, nos ríos que a atravesan.

Loiba sae continuamente nas conversas con elas, o sentido de pertenza, a súa identidade vencellada ao máis local é incuestionable. Faláronnos da feira, da romaría de Soutomoro, da importancia do campo nas súas vidas, incluso nos contaban que dende a estrada se vía O Picón porque todo eran terreos cultivados, sen árbores, sen piñeiros, sen eucaliptos.

Traballar no campo era o que faciamos aquí, daquela íase ao alghazo e ao patexo. Colliamos o do mar para a terra. Antes non se mariscaba, os percebes e o patexo ao campo. Todas

Miña mamá ía e subíaos no paxe, ás tres e catro da mañá, quen sabía cando era a marea. Tamén ía ao molime co carro ata Bares. Solita

Elas son conscientes da importancia que protagonizou Loiba nos últimos anos. O agora "banco máis bonito do mundo" converteuse nun lugar de interese turístico de visita obrigada se estás a pasar uns días no norte de Galicia. Un banco nos cantís dende o que se observa o Cabo Ortegal de fronte e as abruptas praias de Loiba aos lados. As e os turistas avanza entre os cantís para observar o poder salvaxe desta parroquia, descoñecendo en realidade a súa historia. Que vinculación ten a xente desta aldea coa costa? Cal era o seu motor económico? Que relatos perviven nas memorias das súas xentes?

Aquí temos a Praia da Fadegha. Viñamos alindar as vacas, era máis chan ca agora, había xente que plantaba as patacas alí embaixo. Tamén iamos brincar á praia, se había calquera cousa, pillabamos augha de mar e faciamos unha poza. Era a escola que tiña eu. As vacas chegaban ata a area. Na praia de "Ribeira da Pedra" que lle chamaban, había unha pedra branca buenísima para fregar as cociñas bilbainas. Machacábamos a pedra que era moi brandiña e branca e parecía area e con iso limpabamos. Esa (senalando), á Ribeira non se pode ir, cerrouse. Eu aínda baixo ata a Fadegha hoxe.

E de aquí en diante vese parte da Pena Furada. Aquí parten estas penas e é a Lomba, e despois parten as outras e é Ribeira do Carro. Antes había uns botes para ir buscar aos barcos de pescado, aquí na Ribeira do Carro. Tiñan unhas chavolas. De alí tamén subían area para a construción de casas. Tamén en Ribeira do Carro, e máis en Furnas, había botes. Entón aquí largaban os barcos máis grandes o peixe e íanlles axudar a ghuindar



*pola rede e, ghuindando pola rede, dábanlles pescado a cambio. Viñan as señoras para quitar o pescado. E dábanlles pescado. Aquí había moito. **Olimpia***

*Dise que Loiba era a parroquia máis rica de toda a volta porque as terras eran moi fértiles. **Todas***

*Daquela traballábase de sol a sol. Eu non tanto porque eu cosía, con catorce anos ía polas casas e gañaba cinco pesetas. E a máquina ben grande e pesada que era. **Julia***

Preguntámonos que repercusións tivo a venda de algas na súa economía, dato que se menciona a miúdo cando pensamos nesta parroquia.

*O das algas é máis recente. **Todas***

Os meus fillos foron a por elas, gañaban pa eles, para

*as súas cousas. Axudaba pero non se vivía diso. Era como os que ían aos percebes. Cando eles ían ás algas tiñan dezoito anos e agora teñen cincuenta, así que (...) Eran pa vender para cosmética, viña o camiión, colliámolas do mar, secabámolas(...) Bueno, é certo que xa o faciamos antes que os meus fillos. **Carmen***

Os seus comentarios sobre o comercio de algas non parecen demasiado entusiastas, pode que a pesar da crenza sobre a suposta relevancia que tiña para a economía do lugar non fose máis que un complemento económico á subsistencia, aínda que, ao fin e ao cabo, niso consistían as súas vidas, en recursos que lles aportaban o xusto para a súa alimentación, para as súa supervivencia.

CAP. 4

A INFANCIA

UNHA VIDA DE LABREGHOS COMA TODOS

AS ORIXES

Foi a primeira pregunta, algo concreto, non obstante elas necesitan contarnos máis como se non fomos a preguntarllelo, como se perderan a oportunidade de falar sobre quen eran e que viviran. Pasounos en San Claudio e tamén en Loiba. O denominador común do inicio do noso traballo con elas foi así. Agora tiñan a palabra e querían aproveitala, cantas persoas lles preguntaran algo, lles deran a oportunidade de protagonizar unha historia, a súa propia historia?

Estabamos todas expectantes, elas e nós. Queríamos comezar a escoitalas. Querían comezar a falar. Isto era unha gran misión, rescatar nestas tres e catro sesións vidas enteiras de, en total, dez mulleres. Alborotadamente fóronse presentando, elas axudaban ao resto, apuntaban cousas sobre as demais e así íanse superpoñendo as conversas fronte á gravadora que repousaba tranquila sobre a mesa e que máis dunha delas colleron para achegala máis, para que a súa voz quedara ben gardada.

A súa casa foi o primeiro sobre o que falamos coas

mulleres de Loiba, como eran, con quen vivían, como respiraban nese espazo, arelaban ter tal vez, como Virginia Woolf, unha habitación propia? Describíana con autocompaixón, morriña e determinación. Con voz segura, porque firmeza tiñana. Demostrábanse a elas mesmas e tamén a nós por todo o que pasaran. Iso fixéraas fortes, por iso tiñan o dereito a contárnolo detidamente. A pobreza, a familia extensa coa que convivían en espazos ínfimos. O abandono do fogar forzado cara á casa das tías, avoas, outra razón que xustificaba os seus escasos recursos.

Nacín en Loiba nunha casa alugada, vella, ratos, de todo. Había de todo. A min, meus pais, criáronme nun cesto nos terreos ou iso me contaban. Isabel

Na miña casa eramos catro. Meu pai, miña mai, cinco con miña abuela. E coa tía que deixou o capital eramos seis pero morreu, que era moi velliña. Fefa

Eu nacín aquí en Loiba, nunha casa normal. O porco si ía á cociña. Alindar as vacas ía con seis e sete anos. Eu cunha vaca e un irmán con outra. Eramos catro irmáns, miña nai e meu pai. Cando tiña dez anos a maior, meu pai morreu e un ano antes miña tía. Quedou miña nai con catro fillos. Entón era o que había. Traballar no campo, ir á escola pola mañá. Unha vida de labregos coma todos. Carmen

Eu nada, son a menor de sete irmaos, vivía máis ou menos como vivía todo o mundo. Nacín aquí arriba, un pouquiño antes da Igrexa. Viviamos nove. Julia

Eu nacín no "Cal da Val", alí arriba pegado do mar. Somos de Loiba, dunha casa antighua, de pedra.

*Leváronme meus abuelos e miña madriña para a súa casa, e aí estiven traballando ata os dezaseis anos. Aos dezaseis anos foime buscar meu pai (...) A infancia foi moi dura. Funme á casa da miña abuela porque naceu miña irmá e a miña madriña levoume con elas. **Olimpia***

As súas voces detíñanse e reiniciaban as súas explicacións con máis detalle. Algunhas expúñannos case enfadadas a súa función social, o rol que ocupaban dentro das súas familias. Traballo, traballo e mais traballo, ás veces o afecto brillaba pola súa ausencia.

*Eu tiven unha abuela que me quixo moito, foron os únicos mimos que tiven. Quería dicir que a téño no corazón. Miña abuela, Dios a teña no ceo, quíxome moito. Foi o único mimo que tiven, o dela. Era moi duro, eles, os meus pais, tampouco o pasaban ben. **Isabel***

Había unha homoxeneidade que se asentaba entre as conversas, as súas infancias eran case a mesma. O apego aos animais era a súa riqueza, a que xustificaba o seu nivel de traballo, traballo duro, si pero que tamén lles ofrecía as posibilidades que tiñan. A fame quedaba ás veces relegada. Unha economía de subsistencia por chamala dalgunha forma.

*Tiñamos dúas vacas, tiñamos cochos, tiñamos dúas ghaliñas e diso viviamos. **Julia***

Outras, as menos, desentendíanse desas infancias afogadas, paupérrimas, conectadas á terra e aos seus desgustos.

Eu nacín na parroquia de Barbos. Non tiven irmáns, non me tocou ir coas vacas a ningún lado porque era soa. Vivía co meu pai, coa miña nai e cunha tía. Meu pai era

carpinteiro e miña nai costureira, pero bueno, traballaban. Eran labradores. O de costureira non me acordo se foi antes de casar. Eu fun á escola o que quixen. Unha ao Baleo e despois a Barbos. Milagros

Os testemuños ofrecíannos certa diversidade que dalgunha maneira existía entre elas. Ás veces parecía que as súas familias rurais, a xeografía compartida e a súa condición de ser nenas as empuxaba a ter exactamente as mesmas vivencias. Con todo, os matices tamén se facían visibles e demostránnos que non todo era igual en todas as casas pero que o seu sentir probablemente fora moi parecido.

ACABOUSE O COCHO NA COCIÑA E MAIS MEDROU IGHUAL. OS COSTUMES, EH. ERA VERDÁ, EH.

OS RECORDOS E AS ANÉCDOTAS DA NENEZ, OS OLORES, AS COMIDAS E OS COSTUMES

Se pensamos nas nosas infancias probablemente pensemos en olores, en sabores, en anécdotas, esta percepción en retrospectiva lévanos aí, a indicadores atemporais, que compartimos con estas mulleres aínda que as referencias ás veces sexan outras.

*Meu pai iba por un feixe de braña ao monte antes de almorzar. E cando volvía, miña nai tíñalle as patacas cocidas con torreznos(...) cambiouche todo moito. Ai, como sabían! **Solita***

Os sabores centraban para moitas recordos que apelaban directamente á emoción.



Cando ía co meu abuelo ao lindeiro, levaba chocolate e pan. Non se me olvidará nunca. **Solita**

Os animais e a conexión máis primixenia que había con eles era o eixo de moitos recordos, de moitas formas de vivilos, de convivilos. O traballo unido incesantemente a eles, daba igual o tamaño, "alindar as vacas" era un deber infantil e educar "aos cochos" unha rutina máis.

E cando compramos un coche viñámolo buscar aquí á feira e todos os días ata acostumalo ía visitar a cociña (...) as cousas que caían viña o coche e comía todo. Ata un día que se quentou unha persoa e dixo: "aquí non vén máis o coche que cheira que apesta!" E acabouse o coche na cociña, e mais medrou ighual. Os costumes, eh. Era verdá, eh. **Fefa**

Viña a porca e os cerdiños a comer debaixo da mesa da cociña. Un día veu unha señora de Soutomoro e colghou o abrigo na porta. Puxémonos a falar na cociña e foi a porca e comeulle o abrigo todo, todo en tiras. **Solita**

A maioría, como nenas e como irmás maiores, tiñan que comezar a coidar moito antes do que terían querido. A responsabilidade pesaba sobre elas e quitoulles parte da súa infancia máis despreocupada e espontánea.

Unha vez deixáronme coa miña irmá, tería eu oito anos, pero era moi pequena (de tamaño). Eles estaban abaixo, e mira que moza era que había unha lareira grande e deixáronme unha pota de patacas para que lles dera aos porcos e mais a cargo de miña irmá que comezara xa a camiñar. Levei a miña irmá fóra para baixar a pota do lume pero tiñame que subir á lareira e non lle cerrei a porta porque eu era unha nena. Entón verás: fun

correndo para subir á lareira para baixar a pota e poñela na pedra, pero ela veu zancanexando. Chegou ela alí e cando baixei a pota, debíame pesar, entós tambaleou e saltoulle a auga pola cara. Correndo collina e tróuxena para fóra, laveille a cara, caíalle a pel, acórdome(...) E collín e leveina pa xunto meus pais, para abaixo. Cando a viron, correron detrás de min pero non me deron pillado, queríanme peghar. Metínme debaixo dunha figueira que había arrancada aló. Eles leváronna a Lucho, o médico, e púxoos verdes. E con razón porque non é de deixar a unha pícara de oito anos cunha pota de patacas ao lume. Porque antes eu non valía un patacón do pequena que era. Era así, non tiñamos que comer. Despois andaban a berros por min, eu tiña medo e non saín, pero entón foi miña abuela, ela choraba así que saín. **Isabel**

Eran nenas educadas por mulleres, delas aprendían os acomedidos que tiñan que acadar na súa adultez. Esperábase delas obediencia, submisión, pasividade, servilismo, que aprenderan a coidar, a cociñar, a limpar e ademais a ocuparse dos animais. Unha vida privada, de portas cara a dentro, Estas funcións estaban desordenadamente tecidas con outras formas de ser muller, á marxe da cultura patriarcal dominante. Transgresión, irreverencia e ousadía emerxían de cando en vez, sacando unha tarxeta vermella á opresión.

Julia, e ti sabes unha anécdota de túa nai? Foi a Ortigueira a un comercio, entrou e o dono estaba sentado, esperando pola xente. E díxolle: "ten cravos?" (que os metían nas zocas). O señor, que era un pouco tal, díxolle: "volva saír fóra e dea os bos días". E ela saíu pa fóra, e volveu entrar (rumorean entre elas quen sería). E cando entrou díxolle: "bos días", e el contestou, "bos días, que quería?". Ela: "ten cravos?" El: "teño". Ela: "pois métaos no cu". **Milagros**

Outras contan o peso que tiña o sentido de propiedade. Nalgunhas familias con máis posibilidades querían cambiar o rumbo das cousas.

*Nacín na Casanova, que está ao lado do mar, dos acantilados, por Pena Furada. Vivín aquí ata que casei. Tiña primas, irmás. Na casa tiña seis vacas, antes eran dúas vacas e dous bois, ou unha vaca e dous bois pero meu abuelo nunca quixo aos bois, só as vacas. Nin meu avó quería que ningún dos seus fillos fora ao xornal. Entón tiñamos xornaleiros para facelo. Meu abuelo quería para nós, quería a súa empresa. Quería traballar el. Entón tiña vacas, trigo, maízzo. Tivo nove fillos e quedaron sete. Uns fóronse para Cuba, outros volveron coa guerra e todo iso. Meu abuelo se non tiña os cartos pedíaos prestados para comprar a máquina para el. Eu vivía co meu abuelo. **Visita***

UNHA MOREA DE VECES DE NOITE ESPERTO PENSANDO NOS PAOS, SI.

A ESCOLARIZACIÓN: MALOS TRATOS, ABUSOS E SUBORNOS

A nosa conversa continuaba fluída. Entre todas tecían as súas historias, elas eran nenas dos trinta, dos corenta, nenas da posguerra, cubertas por unha brétema de escaseza, severidade e desatención. "Fostes á escola? preguntámoslles. Tiramos do fío con facilidade, comezaron a rir cun deixe irónico, algunha miraba cara a arriba, facendo espaventos coa intención de baixar a todos os santos e santas do ceo. A posición nas súa familias, ser a primoxénita ou non, ser nena ou neno, ter máis ou menos apuros económicos, ir á escola de arriba ou á de abaixo, acabarían marcando o seu desenvolvemento académico.

*Á escola viña pouco. Viñamos á escola ás veces pola mañá, e á tarde traballabamos. **Josefa***

*Á escuela nada, habíanme levar coser e nada, eu nada. Tiña unha irmá e un irmao. Eles ían á escuela pero eu, como estaba na casa dos meus avós, pois ía chamar aos bois e coas vacas ao lindeiro. Estaba máis mal cos meus avós que coa miña nai. Habíanme mandar á escola un pouco á noite pero(...) non me mandaron nunca. **Olimpia***

*Meu irmao foi á escola, el ía pola mañá e eu pola tarde. E despois, á noite, meu irmao viña xunto Don Jesús e eran moitos máis. Don Jesús era o maestro e ensinaba moi ben. As nenas, se viñan de noite, non sabes o que pensaban... (risas) Que non podían andar de noite. Eu propúxeno, eh, propúxeno, e dixéronmne: "Ai Jesús, miña filla, ti estás mal da cabeza!". A min gustábame o sabere, gustábame. **Fefa***

*Eu non me recordo de que me ensinara nada a maestra. Ningunha explicación. De ortografía, a maestra nada. Tiñamos un libro e a pizarra (...) igual saíamos a media mañá para alindar as vacas ou para cocer unhas patacas para o almorzo. Saíamos ás once e media, tiñámola cerca. Ou cheghábamos máis tarde. Había que ir ao monte buscar a braña tamén, a braña son os toxos para botar na cuadra. **Carmen***

Algunhas provenientes de familias un pouco máis desafogadas economicamente cóntannos como elas ían á escola case sen descanso, incluso algunha tería preferido outro destino máis rudo e esgotador: quedarse, como as compañeiras da súa idade, na casa traballando cos animais ou nas tarefas domésticas. A miúdo queremos facer o que fai a maioría das nosas iguais e sobre todo na infancia a inercia do que fan outras e outros arrástrannos case sen darnos conta.

A min mandáronme á escola, para min ir á escola era un sacrificio. Mañá e tarde, eu sempre ía, comín escola canta quixen. **Carmucha**

Eu fun á escola o que quixen. Unha ao Baleo e despois fun a Barbos, como nos quedaba lonxe levabamos a comida. E despois fun a unha academia onde coñecín ao meu marido, unha academia que había en Ladrado. El era contable, estudamos contabilidade. E despois fun aprender a bordar a Ortigueira e logo coser. E, en todas estas, casei. E despois traballar, repartir, criar aos catro fillos, oito netos e unha bisneta.

Milagros

Viñamos á escola case dous quilómetros andando. A profesora era catalana. Era marabillosa. Sabes cantas nenas tiña? Polo menos trinta e cinco. Todo o Picón, Fontela, Rubido, Quelle, de todos eses sitios eran. Doña María chamábase. Empecei a ir ao colexio aos seis anos e entón viñamos cos maiores, Os pequenos viñamos coas maiores andando. que me gustaría que se sae o libro, podendo ser, saíra que viñamos por uns camiños nos que non se andaba. Eran uns carreiros, pero iamos por onde se podía. Iría á escola ata os catorce e ía pola mañá e pola tarde. **Visita**

O número de escolas e o seu alumnado era importante para entender que non todas pasaran exactamente polo mesmo durante a súa escolarización.

Aquí había tres escolas. A de aquí abaixo era mixta e arriba unha de nenas e outra de nenos. **Julia**

Cincuenta nenas había na escola de arriba. **Josefa**

Atragoábansenos datos, frases, vivencias que nos colleron case por sorpresa. Estabamos preparadas para escoitalas dicir o pouco que puideran gozar de aprender a ler ou a sumar por esas infancia tan duras, unidas a un traballo incesante. Sen buscalo, os malos tratos, os abusos e os subornos comezaron a tomar protagonismo na conversa.

Tiven a Doña Luisa, que en paz estea. Deume máis paos! Tiña un regra cuadrada, así deste ghordo (facendo o xesto) e, cando non sabías a lección: pas! (E máis aunque a souberas, di o resto). Unha morea de veces de noite esperto pensando nos paos, si. **Fefa**

Fun á escola tamén desta señora e cando ía prefería non ir porque me peghava tanto... E un día estaba ao lado dunha e dixénlle que me mirara a conta porque ela era grande para ver se ía ben, e díxome: "vai aló que está ben" porque senón non ía, miraba o reloxo seguido para ver se xa era hora de saír. Non facía nada porque tiña moito medo. Entón fun coa conta e, mi madre! Deume tantos paos con aquela reghra. Eu tiña un abrigho que lle mandaran a un tío meu de Estados Unidos e xa non lle servía e déronmo a min. Eu levábao á escola porque tiña unhas boatas e non me doía. E como vía que non me doía, deume polas pernas. Púxenme toda negra. Chorei todo o día. E todo así, miña filliña. **Isabel**

Na escuela aquí xogabamos á pelota na estrada, eu vin tamén de mala ghana. Non aprendía tampouco moi ben, tíñalle moito medo. Mira, non podías aprender. **Solita**

Parecíanos que nos poucos encontros que acordamos con elas había experiencias que non nos contarían. Probablemente a súa idade e a fortaleza edificada ao longo dos anos provocaban certa resistencia a continuar

ocultando o tabú de violencias que sufriron polo mero feito de ser nenas. Así, algunhas voces abríronse paso entre as demais para afirmar que o seu sexo biolóxico as empuxou a aceptar e vivir o que os seus iguais varóns non sufrían.

O profesor de aquí, é verdade, metíalle a mao ás pícaras. ("Ai si", afirma o resto). Don Jesús. Josefa

Eu se daba algunha queixa á casa dábanme dobre ración. Aínda me dicían que me estivera ben, e aínda me daban outra. Isabel

Colmar de regalos e comida a mestres e mestras aseguraba librarse de malos tratos, de malleiras. Nos tempos que corren isto sería case un acto delitivo, tal vez suborno?, pero naquel momento era unha vía para evitar o sufrimento, para poder respirar tranquilas ese día.

Sabes cando me trataban ben? Cando levaba unha docena de ovos. Ou mazás, aquela semana moi ben, pero pasaba á seguinte... Josefa

Na escola pasoume coma a elas. Si, a Doña Luisa se lle levabamos algo estaba contenta pero se non.(...) E aos doce anos parei. Non quixen ir máis. Julia

O sexo tamén marcaba os espazos aos que podías acceder, dos que podías gozar e o tempo que lle podías adicar ao estudo. Era máis importante que os nenos foran á escola porque serían os futuros traballadores, explicábanos sen demasiada transcendencia. Como se elas non traballaran! Ao fin, para que ían saber ler, escribir,

aprender historia, álgebra, se a súa xeografía ía estar delimitada polas paredes das súas futuras casas, para que aprender estados, capitais e ríos? Os nenos si tiñan todo o local (referíndose á escola) para eles xogar e abrigarse, pero nós non. Se chovía non tiñamos onde meternos. E aquí, como comprenderás(...) **Carmen**

Si, efectivamente en Loiba, unha pequena aldea do norte de Galicia chovía e moito, bastante máis do que lles gustaría. As nenas non tiñan espazo para xogar, as nenas quedaban dentro á hora do recreo. Isto dáballes unha pista do importante que era para eles moverse e do accesorio que lles fixeran crer que era para elas.



Xuntas experimentaron as diferenzas de xénero. Algunhas contábannos con atrevemento que o vían nas súas casas, no barrio e/ou no traballo. Esas aprendizaxes informais axudáronlles a presentir cal sería o seu rol como mulleres, nais e esposas. Outras, non obstante, pasaban polo alto a desigualdade.

Non, non traballabamos igual. Home, na casa para o "empiece" ou iso, eramos as nenas. Eran os maiores os que traballaban máis. E se eran homes(...) Ai, na casa non, non facían nada, antes non. Iso non pasaba. Isabel

Os domingos facíao todo mamá, e el viña pa baixo pá taberna. Solita

EU NON TIVEN REGHALO NINGÚN, QUE ME ACORDE.

O TRABALLO DAS NENAS FRONTE AO XOGO INALCANZABLE

Pequenas nenas adultas, así foron elas na súa maioría, pasaron pola infancia case na punta dos pés. Anhelaron as cousas máis sinxelas, a pesar de que na imaxinación campaban ás súas anchas con enerxía e liberdade, con máis frescura ca nunca.

Eu xogaba coas espigas do maízo cando ía coas vacas, collía as espigas e facíalles trenzas, cando non me vían. Isabel



Eu con doce anos, que xa tiña mozo, aínda non sabía que os Reis (Magos) eran meus pais. **Milagros**

Xogabamos ao esondedoiro, á chapa, ao columpio, á corda, ao corre fume, á roda roda. **Todas**

Eu tiven dúas muñecas na miña vida, unha mandouma a miña tía de Estados Unidos. Aí che van os meus xoguetes. **Solita**

Eu non tiven reghalo ningún que me acorde. **Olimpia**

Pese a estas fuxidas infantís, a eses momentos de escape e conexión co que realmente eran, nenas, o deber vertebraba as súas vidas. Dende que se erguían ata que se deitaban traballaban. Se ben é certo que moitas asistían á escola con máis ou menos asiduidade, a faena agrícola e doméstica ocupaba a maior parte dos seus tempos. Tempos que pasaron rápido, que ardían coma un misto. Nena dun metro vinte con carga de adulta.

Ía á escola pola mañá e pola tarde ía chamar ás vacas ou arare ou alindare, o que tocara. Saín da escola aos catorce anos, fun coser, alí xunto a unha veciña. Quería aprendere o corte e non me deixaron porque había que ir pó lindeiro, a traballare e eu arando. (...). **Fefa**

Traballando desde pequena. Andar, non sei como dicire, ía arar, chamando aos bois, había que andar cunha bara ao ombro, ghiándoos pa aquí e pa alí, e despois quitábanlles a molid a había que levalos á corda, andando polos reghos e berrándolles e sabe Dios. A miña vida foi moi dura. Ai, pero miña irmá ía cosere, meu

irmao pasáballe ighual, ía aprendere ao carpinteiro. Ía un día e mañá, non quería ire, e a el non lle pasaba. Eu tiña dezasete anos cando morreu meu pai, veu morto da canteira de Bares, e despois houbo que agharrarse ao duro: a arare, ás vacas e o que había. **Olimpia**

Meus pais ían traballar e eu quedaba cos meus irmaos. Tiñan dous anos e eu tres. Era pequena e deixábanme unha botella para que llela dera, e aí estabamos (...) Dicíanme que non o levantara da cuna. Despois vía aos cativos, aos veciños. Era noite, eu miraba pola ventana e dicíanme que os meus pais xa non viñan, dicíanmo para facerme rabiarse. Eu choraba. Tiña catro anos cando quedaba con eles. Entón os outros veciños viñan e claro, os cativos por guerrear dicían "o teu pai non volve". A comida deixábanme feita. Pan, era pan. Facían uns bolos así grandes (fai o xesto coas mans) que cocían cada quince días de mainzo. E unha vez foron buscar braña, alá onde están os muiños. E miña mai cheghou aló e acordouse que non me deixara o pan. O pan poñíano cunha corda alí, no alto, para que non o comeran os ratos. E debaixo había unhas huchas moi ghrandes nas que meus bisabuelos metían as castañas para curalas e telas aí todo o ano para comer. Entón, eu que fixen cando me encontrei sen pan? Collín un banco, subín á hucha, collín unha vasoira e tirei o bolo. Ghracias que non lles caeu aos meus irmaos... E como esas, moitas. Pero se chas conto teño para todo o día. E despois, cando fun coser polas casas tamén coa máquina, ía ata o Barqueiro pola vía abaixo. Ás vacas levabánnolas porque non podíamos con elas. Outra vez meu pai foi serrar ás madeiras aos barrrancos, eu íalle levar o caldo porque outra cousa non había, era moi pequena, ía coa cesta e debíame pasar, era una zoca cativa non valía nada, esvarei e aló foi a cesta polo río abaixo, grazas que non se revirou o caldo e alí máis abaixo pillouna meu pai. **Isabel**

Eu tamén ía coas vaquiñas ao lindeiro, ía ao monte cando cadraba, tiñamos tres vacas e dous bois. Unha delas era mala. E despois íamos lonxe e levabamos a comida para mediodía e plantabamos patacas e maízo. E eu viña en zocas dende Soutomoro sendo moi cativa e as vacas non faltaban pola tarde. Non había campo ningún, entón as vacas non tiñan nada que comer porque se cultivaba todo e íamos para o monte con elas co carro ao molime, ao monte cos bois. Entón ás vacas habíaas que alindar sempre, e chamalas. **Solita**

Ir de aquí para alí, levando, traendo, facendo. Apuradas, correndo polos camiños pero coa responsabilidade e o peso, non só figurado, de facelo como é debido.

Cando o racionamento eu levantábame e teño ido a Ortigueira de noite porque había lunar. Cando cantaba o ghalo, mamá chamábame e eu collía o atallo da vía ata Ortigueira. Nós tiñamos o racionamento en Ortigueira polo meu pai, porque el era do servizo municipal. E, a mediodía, outra vez camiñando. Moitas veces podía vir no transporte dos da Renfe. Foron anos os que fomos camiñando. Tiñamos en Ortigueira porque o racionamento era mellor que aquí. Alí era máis abundante. Dábanche aceite, un pouco de azucre, espagueti (que non sabíamos o que era), pan. Só tiñan racionamento os que estaban empregados na vía. Aquí, onde repartían a ración, era na casa de Manuela da Ferreira. Eu viña con todo iso pola vía, tantas e tantas veces. Fun aprender a coser e calcetar porque á escola pasoume coma a elas. Non quixen ir máis. E foi cando empecei a coser e aos catorce anos xa cosía e ía cunha máquina desas alfa das de antes, alí ás casas. Remendabamos porque naquel tempo eramos máis ben remendonas. **Julia**

Narrábanos así o seu pasado, así coñecemos as súas infancias, mergullámonos nas súas orixes, as súas ilusións e os seus pesares. O espazo das anécdotas, dos olores e sabores interpretou un papel protagonista nas nosas charlas con elas. Unha experiencia infantil compartida, cargada de traballo doméstico e agrícola. Ademais, a escolarización ou ausencia dela marcaron dalgunha forma as súas esixencias e o seu futuro.

CAP. 5

XUVENTUDE E VIDA ADULTA

EU TIÑA DEZANOVE ANOS E ALÍ NON TIÑA NADA

A EMIGRACIÓN

Moitas comezaron a vida adulta emigrando. Experiencia que si merecería ser contada porque traspasaba as cadeas do doméstico, desempeñábase nun escenario público. Recoñecido, recoñecidas. Emprendían unha viaxe con pouco na maleta e moitas incertidumes nos seus corpos. Desapegarse das súas familias, das súas "obrigas" aquí era pesado sendo muller. Valentes, traballadoras, loitadoras. A experiencia migratoria sacudíunas. Transformounas.

Emigrei dezaseis meses a Suíza e meu home catro anos. Pasoume o mesmo, deixamos un neno de dous meses. Tería trinta anos cando emigrei. Meu home traballaba nun bar e eu traballaba poñendo o lavavajillas, entender non entendía nada pero eu facía e listo. Solita

Os momentos no estranxeiro afastadas de todo e de todos marcáronas, sabían que se ían e que indubidablemente volverían sendo outras persoas, máis vividas, máis conscientes, incluso máis modernas. Por iso algunhas como Josefa desexaban con ansia irse.

Eu quería emigrar pero o "meu" non quería, e tiveron que quedar. Despois din que as mulleres mandan. Eu quería ir porque ía fulana, citana e gañaban cartos(...)e a bulla que había. Josefa

A propia viaxe era en si un recordo gravado a lume. Julia, a muller que máis tempo estivo emigrada, cóntanos cun detalle exquisito o que supuxo para ela irse con dezanove anos a Venezuela e máis tarde a Suíza.

Collín o barco na Coruña, chamábase o " Espine", moi grande, tiña tres pisos. Levoume ao barco un señor que tiña un taxi e era o que nos arranxaba os papeis. El embarcounos. Foi no ano cincuenta e seis. Cheguei, había moitísima xente. Nós estabamos abaixo nun camarote de vinte e oito persoas. Fun cunha amiga, Sara de Serantes. Tiña dezanove anos e alí non tiña nada. Vinte e oito días de viaxe. Fumos a Haití, a Cuba, a México. Do barco podíamos baixar un día. Pero nós non tiñamos diñeiro así que quedabamos polo peirao e por aí. Despois chegamos a Venezuela. Eu senteime aí no barco esperando e sentín chamar por min. Era Dorotea (unha muller de Loiba). Tiña unha pensión e veume buscar con tan boa sorte que ao outro día xa fun traballar. Cando collín un teléfono por primeira vez collino ao revés porque todo era novo para min. Eu fun traballar para uns vascos a un piso en Caracas, fun para coidar a un nenito. A señora estaba embarazada. El era construtor, eran dous exiliados da guerra. E alí estiven e despois de dar a

luz veu a súa nai de España. Entón xa non me precisaban pero encargáronse de atoparme outro sitio e dixéronme que sempre era benvida. E así, fun de familia en familia. Eles ensináronme moito, con dicirche que non sabía nin o que era unha compresa. Eu non sabía facer nada, a señora ensinábame e eu facía ou que me mandaba.

Estiven nove anos alá. Estiven catro anos, aos catro anos voltei e casei e fomos para Venezuela (en total nove anos). E por iso nos fumos tamén de aquí porque non mo querían na miña casa os meus irmáns. Primeiro eu e despois el. Primeiro traballamos nunha casa privada os dous, despois el traballou de camareiro e eu funme traballar a unha casa privada. Despois collimos un pequeno restaurante e tiveron á miña primeira nena. E despois foi que me fun a Suíza. Eu en Venezuela estaba moi contenta.

Eu estiven contenta en todos os sitios. A verdade é que onde ía, queríanme, tiveron moita sorte. A Suíza fun con vinte e sete anos sería, fun a Lucerna e estiven dezasete anos traballando nun hotel. Ai!, eu cando cheguei miúda foi a miña sorpresa que ía embarazada e así non te querían! así que eu non dixen nada ata que se me empezaba a notar e veu o xefe para dicirme que estaba embarazada, díxome en alemán. Eu aprendín italiano, iso si. O malo foi vir a España e deixar á bebé coa nai do meu marido. Eu en Suíza non fun feliz nunca polas miñas fillas, porque eu chegaba alí e esperaba a hora de volver. Choraba un neno e pensaba que eran as miñas. Por iso.

A miña filla maior, xa cando era moza, leveina comigo, primeiro para o hotel e despois cando casou,



estivo ela tamén dezasete anos. **Julia**

Julia cóntanos con pena fonda que o máis difícil era deixar as súas fillas aquí, como Isabel que tamén sufriu moito, moitísimo, por deixar atrás aos seus fillos. Chéganos a través do seu relato a certeza de que ser nai a distancia é como se sentiras a ausencia dunha parte de ti. Non eras capaz de respirar profundamente.

Tiña catro meses o meu fillo e emigramos. Foi o peor que fixen na miña vida, deixar ao meu fillo. Aquí non se ghanaba e quixemos marchar pero cando cheguei alí e me faltaba o meu fillo!. O meu marido dicíame que me viñera, claro vou eu e aquí choro polo fillo e alí por ti. Estivemos catro anos alí. Traballei nun colexio e logo fomos para un hospital e ghanábamos bastante pero caín embarazada e tiveron o neno alí. Cando chegamos (a Loiba) o maior non nos quería, era normal, eramos

estraños. Logo caín embarazada outra vez da filla e tívena alá e vina traer a España. Á tempada viñémonos e o meu marido quedou alá. Iso é o peor que pode facer un pai, deixar aos seus fillos. Despois veu el tamén. O meu marido andaba ao mar. E despois aínda tiven outro aquí. E así é a miña vida. Isabel

Isabel viuse obrigada a ocultar que tivera fillos/as no traballo, aínda que viviran en España, do contrario botábana. Esixíanlle presentar un libro de familia así que non tivo máis alternativa que falsificalo. Agochar a súa condición de nai, pasar por alto algo tan valioso para ela mantívoa nun estado de tristeza permanente ata que conseguiu volver. Contounos que o vivía igual que Julia, cando oía chorar a un bebé ou a un neno ou nena pequena, ela choraba tamén. Isabel afrontou en Inglaterra un dos peores momentos da súa vida, a morte do seu fillo recén nado alí. Con todo, a pesar do desconsolo co que o narra, ela sobrepúxose, agarrouse con forza a ela mesma, á vida e seguiu adiante, ADIANTE en maiúsculas.

TAMPOUCO ANTES SE COIDABA COMO HOXE

TRABALLO PÚBLICO E TRABALLO PRIVADO

Escoitabámolas atentas. Os anos transcorrían para elas entre o estranxeiro e Loiba. Moitas ían, moitas volvían. Outras simplemente permanecían. O seus escenarios debuxábanse entre o espazo público e o espazo doméstico. Desempeñar un traballo digno de ser contado tiña que ver con facelo fóra da casa, fóra das cadeas do "fogar".

As mulleres de clase alta en cambio, non naceran para

traballar, non o necesitaban, nin fóra nin dentro, ao fin e ao cabo, o campo do doméstico tampouco o practicaban porque era desempeñado por mulleres coma elas, que coidaban a fillas e fillos doutras, e tamén doutros. Pode que esas "señoras" gozasen de pasear, saír a tomar café, ler e escribir, organizarlles as tarefas ás "muchachas" que tiñan traballando. Non obstante, posiblemente tiñan máis que ver as unhas coas outras do que puideran imaxinar, uníaas o ser muller nun sistema patriarcal, nunha sociedade onde o feminino non tiña valor e o masculino era sinónimo de éxito. Como no seu momento vaticinou Betty Friedman, o malestar invisible, atravesaba, esta vez, a ambas esferas, ás mulleres ricas e ás mulleres pobres.

Miráronse no espello do masculino para quitarse importancia., "eu criei, eu cuidei, eu cosín, eu axudei" parecía non ter relevancia no seu contexto social. Foron mulleres dos sesenta, avistaban no horizonte de cidades como París unha revolución feminista, unha resignificación do significado de ser muller. Aínda así, elas seguían o destino da súa propia condición, alleas a eses acontecementos, quizais para elas pictóricos, afastados da súa realidade máis próxima.

Eu tiña cinco ou seis vacas.El iba aos percebes e eu íballe axudar. Josefa

Eu traballei na casa cos nenos e cando xa tiñan doce e trece anos traballei nunha fábrica de peixe no Vicedo. O Cisne chamábase. Alí estiven dezaseis anos. Traballabamos ao principio moitas porque empezabamos ás oito e media e cando volvíamos se cadra era as nove da noite. Carmucha

Eu tiven unha máquina de calceta e calcetaba para a xente. A por algas íbase a Ribeira do Carro e tiñamos burros e tamén había que ir con elas ao lombo. Carmen

Cando me fun da casa dos meus pais tiña vinte e un, cosía aí polas casas. Aos vinte e un casei. Cando volvín (de Inglaterra) eu ía ao mercado a Viveiro a vender: verduras, plantas e o que cultivaba eu. Isabel

Nesta época a participación laboral-productiva feminina tiña que ver con sectores como as conservas, fábricas de fíos, redes e comercio principalmente.

Dende as tres da mañá levantabámonos para ir a panadería e ás nove da mañá el repartía por unha zona e eu por outra. Tiven catro fillos e pola tarde coidábaos e unha tía tamén me axudaba. Retirámonos aos sesenta e dous. Milagros

Outras coma Milagros formáronse emprenderon. Moitas continuaron unidas ao sector primario, á gandería e á agricultura.

Iba ao xornal cando me deixaban ir, tiña dezanove anos. Dous cestos para nós e un para o dono. Tiñamos tres vacas. Ir traballar para outra xente, paghábanche a noite, dábanche a comida. Lémbrome sempre que comprei unhas zapatillas, custáranme doce pesetas e fun traballar que fun subir ás algas e pola noite xa non tiña zapatillas. Iamos unhas cantas ao xornal, iamos todas. Estiven así ata que me casei. Ía non tempo das segas, nas cavas do maízo. Despois cando casei quedaba na casa coas vacas, as nenas,... pois así pasabamos a vida. Olimpia

Moitas volveron da emigración ou non chegaron a irse nunca porque lles correspondía coidar aos seus maiores. "Vidas normais" dicían.

Eu estiven aquí sempre, eu casei e quedeime na casa dos meus pais igual. Ao primeiro había vacas e coidar as vacas e traballar no campo. Cando casei o meu marido andou a traballar de chófer en camións. Despois criei aos meus fillos, segúin cunha vaca, unha vida normal aquí, en Loiba. Carmen

O meu pai púxose moi mal e díxome se podía vir coa nena para coidalos, aos tres meses morreu. Logo ocupeime da miña nai e morreu ela. Julia

Despois de emigrar viñémonos. Meu home foi ao mar e eu coidei dos meus pais. Tampouco antes se coidaba como hoxe. Solita

Tiven catro fillos e pola tarde coidábaos e unha tía tamén me axudaba. Milagros

Dobres xornadas, como a de Milagros que traballaba de tres da mañá a tres da tarde na panadería e pola tarde criaba e coidaba, axudada por outras mulleres.

Eu na casa cos nenos ata que tiveron doce e trece anos. Carmucha

Con algunhas delas como Olimpia, cando falabamos de traballo volvemos unha e outra vez á infancia recordando esa vivencia amarga(ter que irse da casa dos pais), difícil de dixerir, de feito, contánola en diferentes momentos. O feito de que a apartaran do seu



fogar foi probablemente o momento máis duro da súa biografía. Comezou a vivir cando volveu á súa casa.

O que librabamos eran os dominghos, os dominghos pola tarde era cando saíamos cando vin para casa dos meus pais que antes non me deixaban saír que estaba cos meus abuelos. Non me deixaban porque tiña que traballar. Era un traballo bruto, moi bruto, con molime sempre ás costas e unha molida así, non che poido dicir máis.

Porque fun "pralí"? Porque cando naceu miña irmá leváronme a min que tiña tres anos. Non me deixaban, non me deixaban nin ir coser, nin á escola nin nada. O meu pai morreu na vía. El foi que era barrinista, tiña todos os cartuchos postos e explotou un e explotou todo. As alghas eran para plantar patacas e todo iso. Eu tería dezanove anos. Olimpia

MIÑA NAI IBA A PÉ ATA MERA CUNHA VACA A VENDELA OU COMPRALA

A FEIRA, ENCONTROS E OCIO.

Seguimos o noso camiño, debullando con coidado e cariño cada peza dun interese especial que se asoma nas nosas charlas. Detivémonos na anécdota que explicaba onde mercaban, así comezaron a narrarnos dende a súa memoria o relato da Feira de Loiba. Era realmente un acontecemento social moi coñecido, o lugar de aprovisionamento e encontro por excelencia.

As mulleres vendían a manteiga, as froitas, as zocas e eles vendían os animais. Había dúas feiras ao mes. Unha o primeiro domingo do mes e outra o sábado aos quince

días. **Todas**

A feira dos porcos, é certo que había tantos que non podías pasar. Na miña casa vendíase mainzo, ovos, se cadra unha galiña. Había ultramarinos, había de roupa moito. Solita

Miña nai iba a pé ata Mera cunha vaca a vendela ou comprala. Ela iba por carreiros máis rectos ou atallaba. Visitación

Meu pai ten vido dende Moeche con vacas. Solita

Julia, desgustada, comentábanos os abusos que existían por parte das autoridades.

A miña nai traballou moitísimo, a pobre. A miña mamá tiña dúas vacas e traballaba sen parar. Na feira a garda civil poñíase nos cruces a medio quilómetro para revisar as cousas. A pobre xente traía unha ducia de ovos para vender e se cadra quitábanllos. A miña nai se tiña para vender ovos para comprar aceite ou unhas pouquiñas de patacas, escondíase para chegar á feira e que non llos quitaran. Julia

Na ruta que na última sesión fixemos con elas, sinalábanos onde estaban os postos dos porcos, das ovelas, dos "tenderuchos". Tamén en que sitio estaban os zapatos, as cousas de paquetería e as tendas que había aparte. Olimpia e Julia si vendían na feira.

Eu vin cun carro de cerdos praquí desde a Ighrexia de Loiba. Tivemos porcas de cría entón viñamos cos

cerdiños nun carro cun burro. Olimpia

Eu teño vido con mamá vender maizno ata ghaliñas.

Solita

Paseando, entre os seus comentarios collemos ao voo unha idea sobre a que non repararamos antes. Estas mulleres tiñan ocio? Ían á praia no verán? Que facían no inverno?

Á praia non ibamos, só a facer o almorzo. Non había bañador nin nada, ibamos cunha falda vella. Nadar non, non levabamos o tempo para bañarnos solo mollarnos e volver. Olimpia

Non tiñamos tempo porque había que ir ao lindeiro, ir seghar o trigo, ir poñer a herba no medio do trigo para as vacas. Carmen

Detémonos durante a ruta nun "teleclub" pensado como centro social, espazo común para xogar á baralla e facer compras.

E viñamos á noite, os sábados e os domingos e traíamos coellos para facer unha cea e bueno (...) riamos. Despois da Igrexa viñamos, aí pero que ben o pasabamos aquí! aí! (...) e xogabamos ao dominó tamén. Olimpia

Carmen engade unha perspectiva máis sobre esta conversación laiándose sobre a falta de encontros como "os de antes", desas reunións, da importancia das redes e dos lazos con veciños e veciñas.



Agora non se ve a xente unha coa outra porque antes cando era pequena xuntábanse os veciños pero agora desde que hai a televisión quedas mirando a televisión.

Á miña casa viñan todos os veciños. Xogaban á baralla e as mulleres calcetaban, fiaban la das ovellas para facer os calcetíns, xerseis, chaquetas. **Carmen**

Os encontros moitas veces transcorrían ao redor da radio e da televisión.

Por exemplo, cando veu á miña casa a primeira radio veu moita xente á casa e coa televisión tamén. A miña avoa coa televisión dicía que non lles deramos a cea aos que había alí dentro. **Solita**

Ibamos a Casa Queima e oíamos as cancións. **Visita**

Había moita unión entre a xente, iso si. **Solita**

EU VIÑA DE CONVIDADA DALGUNHA AMIGA FESTAS COMUNITARIAS.

As festas da parroquia eran o orgullo dos veciños e veciñas de Loiba, a celebración máis importante do ano. Os festexos da parroquia, o que en certo modo lle daba sentido á súa identidade local. Preparaban o día con esmero e dedicación. Celebraban andando, rezando e comendo en comunidade, así ocorría na Romaría de Soutomoro.

Eu viña cando era pequena. Eu viña de invitada dalgunha amiga. Viña xa o día anterior ata o outro día. **Visita**

Ían camiñando dende O Picón a Soutomoro (seis quilómetros ida e seis quilómetros volta) **Todas**

Todos estes campos (os que rodeaban a capela e algúns máis lonxe aínda) eran merendas, así que mira. Facíase en setembro, o día do Carme. **Solita**

No medio (sinálannolo durante o paseo) está o río e do río pacá eran todos campos de merendas. **Julia**

Soutomoro era famoso porque había moitas casas e moita xente e porque había unha capela. Antes todo eran camiños de lodos. Íase andando á escola así que mira e todos os nenos que había! **Todas**

Cando volví de Venezuela que era o sesenta e sete aínda había merendas aquí. Isto cambiou moito! **Julia**

Hai setenta e pico de anos que nacín aquí. En Soutomoro vivían cento dezoito persoas. Non se compara porque antes non había estrada pero había xente, non estaba plantado nada, entendes? entón todo era moito máis bonito, isto traballábase todo. Había moitísima froita. Segue habendo festa, Visita aínda sobe porque debe ter promesa. Todo isto que vedes aquí eran campos de patacas, millo, trigo e legumes. Así (referíndose a como é a paisaxe agora) con todos os piñeiros non debía ser. traballábase todo, así che eh. **Solita**

OS RAPACES CANDO QUERÍAN POIS VIÑAN MIRAR PA NÓS

AMORES

Como entendían o amor era un dos nosos interrogantes. Que lles contaron as súas nais, irmás, veciñas e curmás sobre as relacións? Cales eran as súas inqedanzas? Como era o ritual do cortexo? Igual que moitas mulleres desa xeración, elas tamén seguían casadas ou algunhas viúvas dese primeiro mozo que as conquistara, ou pode que fora ao revés. Iso non nolo comentaron.

Os domingos paseábase pola estrada. Era como ir hoxe á festa, as mozas e os mozos víanse paseando. Antes había moitas tabernas. Todos os mozos estaban na taberna entón as mozas paseabamos arriba e abaixo por diante deles e os mozos cando querían pois viñan mirar pa nós. Nós non iamos ás tabernas. Todas

E que non te pasearas por onde non houbera luz pola estrada porque te criticaban. Visita

Ai! da man non iamos, só se non te vían. Todas

Metíannos medo e entón non faciamos nada. E non nos explicaban nada nin de como era iso dos embarazos.

Milagros

Xuntábamonos todas por aquí (referíndose onde vivía ela, arriba de todo, nos cantís) e viñan os rapaces e aquí faciamos a nosa vida, non podíamos ir á festa alí abaixo. Aos rapaces deixábanos saír pero viñan a onde

nosoutras. Aí sentábamonos, aquí unhas parexas fixémonos noivos, pero isto non cho había, isto éache prado todo. "E vamos ver o mar e iamos", fixémonos cos rapaces por aquí, cos que temos. Olimpia

Preguntámoslles cal era a receita para continuar casada coa mesma parella toda a vida. Riron en alto, outras sorriron, algunhas miraban ao baleiro. Isto tampouco nolo contaron.

Eu xamais tiven nin un enfado nin nada. Co meu marido nunca. Visita

Pois eu enfadábame e botaba dous días sen falar con el, e se me dicía, non sei, disto que non se fai así e o outro tampouco eu decía "vaite o carallo" aí, así mesmo (rimos todas), tranquilamente. Ben si pero discutir discutimos e quen digha que non minte. Olimpia

AI! SE TIVERA UN PÍCARO, CUIDÁBAO DE TAN BOA GHANA

MATERNIDADES E CRIANZAS.

Continuamos falando da súa vida adulta, dunha das experiencias polas que case todas pasaran, a maternidade. Compartían esta experiencia como compartían moitas outras que tiñan que ver coa súa posición socioeconómica, o seu lugar de orixe, a súa xeración; con todo, se cadra a que máis unía os seus sentires, expectativas e vivencias era ser muller. En consecuencia, os partos e a crianza eran dúas pezas fundamentais no común das súas vidas. Sobre os partos relataban que unhas pariron no hospital

e outras na casa onde as atendían practicantes ou axudantes de médicos, o que non era o habitual. Tamén había veciñas que axudaban, isto si era máis común.

Eu tívenos na casa pero tiña a Lucho, o médico. Eu tiven os catro na casa. Visita

Eu os dous no hospital, un en Suíza e outro aquí. Solita

Non había clases de preparación ao parto, nin unha alimentación concreta, nin probas médicas durante a xestación, nin paraban de traballar polos embarazos de risco, porque como ías sabelo? De feito, sen quere-lo puñan as súas vidas e as dos seus bebés en perigo porque non lles quedaba outra.

O coñecemento sobre o proceso viña moitas veces de predecesoras, de mulleres que che dicían que facer se tiñas náuseas, dores, se non podías durmir, medicina alternativa chamárase agora. Elas non tiñan Google a un click, elas tiñanse unhas a outras. Sobre a crianza cóntannos que lles daban "pelargón", leite en po. Algunhas comentaban orgullosas que tiñan carro, outras non.

Os seus vencellos familiares en feminino eran os que máis as axudaban na maternidade. A conciliación era unha utopía, aínda o segue sendo. Milagros, por exemplo explicaba as súas fazañas na panadería, ao último dos seus fillos levábao no carro na furgoneta do reparto.

AS EXPECTATIVAS SOBRE O SEXO DA CRIATURA

Falaban unhas máis alto cas outras, interrompíanse, a palabra ía dun lado a outro da mesa porque efectivamente de coidados elas tiñan moito que dicir. Nun momento a voz de Visita óese por enriba das demais e dille a Milagros:

Túa tía nunha ocasión díxome "ai! se tivera un pícaro, porque xa tivera tres nenas, cuidábao de tan boa ghana". Porque ela tiña a ilusión de ter un pícaro. Visita

Eu tiven tres fillas, a ilusión de que eu tivese un fillo era a ilusión do meu sogro en paz descanse. Porque quería que seguise o apelido. Milagros

-Meu pai cando naceu a nena, papá que en paz descanse, logho non miraba pa ela, non, porque quería neno. E que queres... Foiche verdad, e cando a miña nora dixo que era unha nena el contestou: "bueno, aínda pode cambiare". Despois xa iba agharrada dela no carrito. Pero estivo un tempo, ben mo podedes creer que non minto ehh, logho non miraba para ela. Solita

-Pero logho sería porque era pequeniña. Carmen

-Non, non, non, era porque era nena Carmen.

Ehhh(...)e logho non é verdad, pois era así e quería ser, coidadiño. Solita

Entre elas seguen explicando as diferenzas que había de ter unha nena ou ter un neno, sobre todo as expectativas sociais, aínda que non entran a valoralo demasiado.

ÁS MULLERES POÑÍASELLES TODO NEGRO PERO OS RAPACES PODÍAN ANDAR LIBRES.

OS LÍMITES DE SER MULLER

Faláronnos timidamente dalgúns costumes que beneficiaban aos homes. Dicilo incluso parecía unha traizón ao sexo masculino, un xuízo e elas non querían iso. O seu contexto histórico e social non deixaba espazo a un carácter subversivo, así o aprenderan. Incluso con esta condición, puntualizaron algúns elementos importantes da posible desigualdade que elas detectaban, sen moita determinación pero chegando a expresar a súa perspectiva.

Eran os homes os que facían as xuntanzas. Visita

Eran eles os que ían á taberna facer as barallas. Solita

Ao lavadoiro si que iba eu aquí en Loiba. Si, a lavar iban as mulleres. Milagros

Si, falabamos moito alí e no pasto coas vacas tamén cantabamos sempre cando estabamos alindando. Solita

Detivéronse para contar un feito que tal vez era o que máis as molestaba, o que detectaban como máis machista.

Cando tiñan un fillo de solteira metíanse na casa, non é como agora. Carmucha

Unha veciña miña anduvo sete anos co novio e tuvo xemelgos. E meteuse na casiña. Porque estaba mal visto(...) non saíu. Eu iso véxoo unha cousa moito o revés facerlle iso a unha muller. Solita

O loito era outro elemento de diferenciación de xénero, a liberdade duns fronte á dependencia e ao recato imposto para elas.

Cando tiñamos dezaioito anos divertiamonos por aquí (facendo relación aos cantís) porque morrera meu pai e deixáronnos dous anos sen saíre. Había outras compañeiras que lles morreran os avós e xuntabamonos todas por aquí e viñan os rapaces e aquí faciamos a nosa vida, non podiamos ir á festa alí embaixo. Aos rapaces deixábannos saír pero viñan onda nós´(...) Porque ás mulleres poñíaselles todo de negro (falando do loito) pero os rapaces podían andar soltos. Estabamos adaptadas a iso. Pero éramosche moitas, moitas vestidas de negro cunha pañoleta negra na cabeza, bueno. Olimpia

TRANSGRESIÓNS

A pesar das cadeas ás que se vían atadas polo seu sexo biolóxico, moitas obviaron a norma. En Galicia, eminentemente rural, era un signo de independencia ter carné de coche ou de moto, como Isabel, Milagros ou Josefa. Outras retaban a orde establecida fumando, Carme entre elas. Visita contábanos que antes as mulleres tiñan que fumar ás agochadas.

Na nosa ansia por captar momentos relevantes para as súas historias de vida, preguntámoslles que supuxera para elas exercer o seu dereito ao voto despois de





tantos anos de ditadura. A participación da cidadanía no devir político parecíanos que tiña a relevancia suficiente, máis aínda se eran as mulleres as que tiñan o poder de decidir. Con todo, o hábito de opinar, de "facer política" é algo tradicionalmente reservado ás esferas masculinas e o escepticismo é o sentimento que percibimos nas súas intervencións.

Non me acordo. Todas

Non tiña ilusión aghunha polos políticos tanto me daba votar a uns que aos outros. Eu aos políticos dagora diríalles que non roubaran e que non houbese tantos impostos. Carmen

Os testemuños dunhas enfróntanse ás reivindicacións doutras.

Eu creo que ata que gobernen as mulleres non estará nada ben porque as mulleres saben gobernar mellor cós homes e é verdad. Visita

E que máis fan estas mulleres para romper os corpiños da feminidade prototípica? Milagros por exemplo pasa a rozadora, aínda que sexa un traballo que normalmente fan os homes e Visita vive soa con noventa e un anos, retándose cada día así mesma, totalmente autónoma, dinámica e positiva. Isto quizá sexa o máis revolucionario.

CAP. 6

OS SEUS AGHORAS

TIVEMOS A FAMILIA ANTES DE SOÑAR CON ELA SOÑOS

Esta foi a nosa última sesión con elas. Ese día leváronnos facer unha ruta guiada por Loiba na que nos ensinaron lugares, os seus lugares favoritos. Soutomoro, os cantís, as súas casas. Iso era importante. As súas casas.

Ao acabar o noso paseo colectivo e interpretado fomos a un bar, ao da filla de Carmucha. Aínda nos quedaban algunhas preguntas imprescindibles. Queríamos saber e conversar sobre os seus "aghoras". Cales foron os seus sonhos e cales deles se cumpriran. Charlamos sobre o seu día a día, as súas rutinas e que consideraban elas que lograrán na vida. Por último retámolas a automirarse e a pensar cal era o seu maior orgullo persoal, seu, propio.

Os sonhos semellan un luxo para elas. Comezamos aí. Que

desexabades, con que soñabades?

*Ai! eu sempre estiven aghusto aquí. Eu estaba ben aquí, estiven en Ortigueira cando estudiei. Daquela tamén estiven ben, pero eu aquí. **Carmucha***

*Ai! eu tamén, non tiven ilusión de irme. Eu non soñaba tampouco ir pra Viveiro que era como era moi ghrande pra min. A verdá é que si cando vin pra aquí, esa ilusión tíña, ter a miña casa aquí abaixo porque é máis cómodo. E o demais, aí non miña filla. **Solita***

*Estou ben como estou. Tivemos a familia antes de soñar con ela. Eu casei con vinte e dous e aos, e aos nove meses xa naceu o primeiro. **Carmen***

*A min agora os meus fillos lévanme a todos os sitios. Eu non soñaba con viaxar pero xa o teñen organizado todo así que teño que ir. (O resto preguntanlle cal fora a súa viaxe preferida) Pois París é fino, ten algo que non sei(...) estivemos oito días entón percorremos todo. Foi o sitio que máis me gustou. **Visita***

Transitan dun tema a outro, sen moita orde, páranse no anecdótico, deixan de lado os seus sonhos, parece difícil reflexionar sobre algo tan abstracto, unha ostentación na que pode que poucas veces se permitiran pensar. Aínda así captamos nas súas palabras un agradecemento á vida. Están tranquilas. Soñaron con casas, soñaron con ter familia, soñaron con vivir en Loiba. Conseguírono e séntense satisfeitas.



QUERO DICIR UNHA COUSA, AS RESIDENCIAS NON ME GUSTAN

O AUTORRECOÑECIMIENTO

Continúa a charla animosamente logo de escoitar a Josefa. Tiñamos unha pregunta que facerlles e intuíamos que non ía ser fácil de responder: que é o que máis che gusta de ti? Visita tomou a palabra con soltura, decidida a desvelar unha das calidades das que ela estaba orgullosa.

Eu que (...) que o mellor de min é que non teño rancor a ninguén, é o principal. E que estou satisfeita coa vida que teño. Visita

Non teño rancor, pásame o mesmo que a Visita. E quería dicir unha cousa máis, podo?, as residencias non me gustan. Milagros

As outras cústalles máis atopar as súas virtudes, as que as representan como persoas. Dá a sensación, nalgúns das súas palabras, que falan en boca da xente que as rodea. Aínda con todo, o xenio que subliñan é, sen dúbida, un signo de recoñecemento e resistencia dunha feminidade acostumada a asentir e non a disentir. De acordo con isto celebramos esa bravura e aplaudímola con forza.

Son franca, non digo as cousas por detrás nin nada. Eu se conto unha mentira é porque ma contaron. Carmucha

Moito xenio, tamén que aghuanto moito, que teño moita

paciencia. Carmen

Que teño temperamento pero pásame deseguida. De camiño volvo falar coma sempre. Solita

Julia é a única que intervén para dicirnos que ela sempre estivo orgullosa de toda a súa vida, de todo menos de deixar ás súas fillas cando foi a Suíza.

Parecíanos importante rescatar nestas sesións a súa concepción sobre a súa autoestima, tamén sobre os seus valores. Que lles gustaría que as súas fillas e fillos aprenderan (e aprendan) delas? A pegada de transcendencia que deixamos na xente que nos rodea, na nosa contorna é unha herdanza edificada a través de cada unha das nosas vidas. Sen dúbida é un legado que a miúdo permanece invisible pola falta de recoñecemento social, sobre todo se fuches muller, pero sen o cal moi probablemente as nosas sociedades se irían empobrecendo, cada vez máis egoístas e individualistas. Elas, nos seus relatos lévannos a reflexionar sobre o espazo central que deberían de ocupar os coidados e os vínculos para a supervivencia da humanidade e que elas cultivaron e defenderon en cada respiración. Tamén nos falan de tolerancia e da atención á familia.

Que se respecten e saiban levar unha familia que é o máis importante e que se acorden que nunha casa non son todo flores, hai que saber levar a cousa e que eles saiban tamén. Solita

Eu se aprenden como fun eu é suficiente. Milagros

TOMAMOS O CAFÉ OU IMOS AOS CHURROS E CHARLAMOS, E PASAMOS A MAÑÁ

UN DÍA DA SÚA VIDA

Achegámonos ao final deste camiño que percorremos xunto a elas ao redor dun biscoito e unhas cuncas de café. Non queremos despedirnos aínda. Desexamos saber como se atopan neste momento, como son os seus ritmos diarios, os seus " aghoras".

A maioría cóntannos que dedican os seus tempos ao traballo doméstico, á horta e as súas plantas, a ver a televisión, aos seus animais e a camiñar. Camiñar parece ser, en xeral, unha das súas mellores terapias.

*Eu normalmente levántome, fago a limpeza, poño a lavadora, facer a comida, ir á horta para facer algo, plantar fabas, cebolas, leitugas ou iso. É o único que fago. A tele non me gusta moito e se cadra pois dar un paseo e nada, así... facer a casa e a comida e listo. Déitome, aiiiiiii! o outro día que vin "Supervivientes" E ata as dúas da mañá non me durmín. **Carmen***

*Eu se está bo tempo teño unha perriña e vou paseala, cerquiña, porque como estou mal dos xeonllos non podo, volvo pá casa, sento, fago a cea e volvo recoller, porque o meu marido déitase cedo. Despois vexo a tele e voume pá cama. **Carmucha***

Mira lévántome a iso das nove, nove e pico, e se non estamos levantados espértanos o neto que vai para



Ortigueira. Tomamos o café, imos a Soutomoro a darlle de comer aos animais. Temos galiñas, pitos, temos tenreiros tamén cabras, ovellas (...) temos si, e abaixo na casa onde eu nacín temos os porcos. Despachamos todo iso e ás veces tamén estamos na horta que temos alí, sacamos herbas e iso, e logo vimos para baixo. A limpeza?(...) pola mañá vou tendo ganas de facer algo que pola tarde a verdade é que non. Descanso igual dúas horas a mediodía. Dou a volta cara á costa, si, camiño que me mandaron, fago a cea ás veces, moitas veces fai a faena miña nora. Logo estou cos meus netos. **Solita**

Mira levántome, lávome a primeira cousa e despois fagho o almorzo para o meu marido e para min. Almorzo café e unha torrada e unha cunca de chocolate Despois saio para fóra e doulle a dous cans que teño, galiñas, coellos, quicos, a todo. Despois poño para facer o xantar, vou facer a cama e pasar por aí o que teño que pasar e despois se teño tempo vou quitar unhas herbas ás leitugas, ao cebolín e iso. Despois pola tarde durmo a sesta, levántome, tomamos o café e imos dar a volta. Faigho a cea, comemos e ás dez, dez e cuarto á cama. A min faime ben andar, encóntrome mellor andando. **Olimpia**

Eu despois de facer a comida, carretera, a andar ata as seis da tarde. **Josefa**

Visita e Milagros interveñen para narrarnos unha vida activa e por momentos frenética. Acompáñanse e anímanse, a enerxía rebosa nelas. Milagros é a que conduce e a encargada de recoller a Visita na súa casa.

Levántome, vou a ximnasia os días que teño ximnasia e

os que non na horta, ou segando ou plantando ou bueno, o que salga, o que faga falta facer. Cando non é aquí en Loiba é alá onde nacín. Agora eu levántome sobre as oito, cando traballaba levantábame ás tres da mañá. Pola tarde fago bolillos e cando podo bordo toallas ou así, agora claro, non coma antes. Eu de solteira non facía nada na horta e agora se me ven os meus pais que eran labradores non me coñecen. Como o meu marido cociña (todas exclaman sorprendidas), vacíame o lavavajillas e vólveo a encher, eu encárgome da horta e el da cociña. Eu pasar a fregona e iso fágoo, que se teño que pagar por todo... **Milagros**

Un día na miña vida, o meu é complicadoooo. Agora cando imos á ximnasia pola mañá xa me levanto, tomo unha pouquiña de auga cunhas gotitas de limón, fago o café e saio á piscina ou ao ximnasio. Cando acabamos, tomamos o café ou imos aos churros e charlamos, e pasamos a mañá. Despois fago a comida, se cadra teño comensais, os meus fillos, os meus netos. (E que lles fas?, pregunta o resto) Eu son variada, unhas veces caldo, outras sopa, outras bisté, outras pescado se o hai. Ou sexa fan o reparto e eu compro o que necesito. Eu pola tarde se sinto durmo un pouco, un pouco ou se cadra pásome (gargalladas) senón pois saio por aí a ver os meus frutais, os meus castiñeiros, as miñas fresas, as miñas cousas. (Milagros interrompe: "agora comprou ela unha desbrozadora de man") Antes mira(...) a miña horta non é moi grande e eu teño flores, perexís, rosais e se traio a alguén para limparma córtanmo todo. Entón eu cortaba por alí pero agora xa non estou moito para fouciño. Coa rozadora marabilloso. Tamén teño laranxas e alá vou buscar a froita cando a teño. Tamén teño uvas, unhas parriñass. Tamén silvas para as moras. O meu está "a lo loco", (ri), e as árbores na casa tamén "a lo loco". **Visita**

Camiñar, coidar, cociñar, saír e volver, elas aproveitan as súas vidas coa calma que che dan os anos. Con todo, durante as sesións que tivemos con elas, detectamos por momentos a sombra da soidade. Cando non hai actividades organizadas polo Concello empobrécese o seu nivel de lecer e encontro. Un sorriso, un abrazo, algún chiste, unha conversación. escoitandoas faise máis presente a necesidade de sustentación e continuidade de programas coma este de dinamización comunitaria. Elas merecénllo, loitaron e contribuíron ao desenvolvemento das súas parroquias.

Temos a oportunidade de ofrecerlles espazos para que poidan manter os seus vínculos vivos e nos que se lles permita ser elas mesmas. Con esta publicación está aberta unha fenda para dar un lugar a esas "voces de muller", ás súas historias de vida que, indubidablemente, forman parte da esencia da etnografía e a memoria de Loiba.

ÍNDICE

SAÚDO DO ALCALDE	7
CAPÍTULO 1. O PROXECTO	9
A ORIXE	9
CAPÍTULO 2. O ENCONTRO	11
CAPÍTULO 3. O LUGAR	13
COLLIAMOS O DO MAR PARA A TERRA	13
CAPÍTULO 4. A INFANCIA	15
UNHA VIDA DE LABREGHOS COMA TODOS	15
ACABOUSE O COCHO NA COCIÑA E MAIS MEDROU IGHUAL. OS COSTUMBRES, EH. ERA VERDÁ, EH!.....	16
UNHA MOREA DE VECES DE NOITE ESPERTO PENSANDO NOS PAOS, SI.....	19
EU NON TIVEN REGHALO NINGÚN, QUE ME ACORDE.....	22
CAPÍTULO 5. XUVENTUDE E VIDA ADULTA	25
EU TIÑA DEZANOVE ANOS E ALÍ NON TIÑA NADA	25
TAMPOUCO ANTES SE COIDABA COMO HOXE	27
MIÑA NAI IBA A PÉ ATA MERA CUNHA VACA A VENDELA OU COMPRALA	30
EU VIÑA DE CONVIDADA DALGUNHA AMIGA	32
OS RAPACES CANDO QUERÍAN POIS VIÑAN MIRAR PA NÓS	33
AI SE TIVERA UN PÍCARO!, CUIDÁBAO DE TAN BOA GHANA	33
AS MULLERES POÑÍASELLES TODO NEGHIRO PERO OS RAPACES PODÍAN ANDAR LIBRES	35
CAPÍTULO 6. OS SEUS AGORAS	39
TIVEMOS A FAMILIA ANTES DE SOÑAR CON ELA	39
QUERO DICIR UNHA COUSA, AS RESIDENCIAS NON ME GUSTAN	41
TOMAMOS O CAFÉ OU IMOS AOS CHURROS E CHARLAMOS, E PASAMOS A MAÑÁ	42

